



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 12 de setembro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de setembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(792).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de setembro e extraordinaria e urxente do 6 de setembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(793).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS PERÍODO MARZO-AGOSTO 2019. EXPTE. 191076/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 2/09/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: marzo – agosto 2019

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
23/08/19	Servizo mensaxería	2230000	201900055566	4.000,00	REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, S.L.
26/08/19	Servizo notificacións programas AMES e AEFAS	2230000	201900059224	4.998,73	CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L.
11/02/19	Servicios postais e mensaxeria	2230000	201900010713	12.000,00	SDAD. ESTATAL CORREOS E TELEGRAFOS
21/05/19	Produccion, diseño, maquetación tripticos becas	2260200	201900032789	2.619,35	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.
02/07/19	Actualización aplicación informática módulo AMES	2279900	201900046531	3.267,00	IMATIA INNOVATION, S.L.
10/07/19	Emisión tarxetas bono-taxi	2279900	201900049087	2.500,00	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.
11/04/19	Servizo apoio á xestión e desenvolvemento das XII Xornadas do PLDA	2279908	201900026377	4.800,07	JULINDA MOLARES CARDOSO
15/04/19	Coordinación campaña de sensibilización Impórtanos; 2019	2279909	201900027048	17.118,08	MIGUEL RODRÍGUEZ GARCÍA
21/05/19	Programa Divirte no Veran, xullo	2279909	201900032787	15.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
21/05/19	Transporte usuarios programa Divirte no Veran, xullo	2279909	201900032788	3.945,00	CENTRAL RADIOTAXI Y SERVICIOS
03/06/19	Programa Veran do Lecer, agosto	2279909	201900037886	15.000,00	ASOC. SAN FRANCISCO (AGASFRA)
13/06/19	Actividades educativas programa Impórtanos;	2279909	201900042380	6.350,00	AMIGOS DA TERRA
13/06/19	Contacontos, programa Impórtanos;	2279909	201900042381	3.000,00	MIGALLAS TEATRO, S.L.
13/06/19	Pases escolares, programa Impórtanos;	2279909	201900042382	2.500,00	CHARLATANA S. COOP. GALEGA
13/06/19	Ciclo cine ao aire libre, programa Impórtanos;	2279909	201900042383	3.073,40	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, SLU
05/04/19	Servizo teleasistencia domiciliaria	2279911	201900022733	15.598,96	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.
14/06/19	Suministro mesas de comedor	6250000	201900042442	858,08	EL CORTE INGLES, S.A.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno queda informada.



## Concello de Vigo

### **3(794).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DOS MERCADOS MUNICIPAIS DO BERBÉS, BOUZAS, CALVARIO, PROGRESO, TRAVESAS E TEIS. EXPTE. 5628/106.**

Visto o informe xurídico do 27/08/19 e o informe de fiscalización do 29/08/19, dáse conta do informe-proposta do 26/08/19, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réximen local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei de contratos del estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adelante LCE) modificada pola Lei 5/1973, de contratos do Estado.
- Regulamento de contratos do Estado (RCE), aprobado por Decreto 3410/1975
- Regulamento de contratación das corporacións locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953 (RCCL)
- Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP)
- Texto refundido do Regulamento dos mercados municipais aprobado definitivamente por acordo plenario de data 14.03.1994

#### ANTECEDENTES

En data 30.11.1993 o Pleno da Corporación adoptou acordo de alteración da forma de xestión dos mercados municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis, prestándose o servizo para o vindeiro mediante concesión administrativa de servizos. No mesmo acto aprobouse o prego de condicións do concurso de xestión e explotación dos mercados municipais que determina un prazo de duración de **25 anos**, "*prorrogables automaticamente por períodos de 5 anos ata un máximo de cinco*" períodos, *agás se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oitos meses á data do respectivo vencemento*".

En data 14.03.1994 o Pleno resolveu as reclamacións e alegacións ao expediente segundo o informe proposta do xefe do Sector de Réxime Interior de 8 de marzo de 1994, coas variacións propostas na reunión da Comisión Informativa de Réxime Interior de data 8.03.1994.

Con data 31.08.1994 o Pleno da corporación adxudicou o contrato de concesión de mercados conforme as respectivas ofertas e suxeición ao prego de prescricións que rexe o concurso e Regulamento do servizo aprobado pola corporación municipal, sen que se considere necesario a asignación concreta de puntos ao non presentarse máis que unha oferta para cada mercado os seguintes licitadores:

- A Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado do Calvario.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado das Travesas, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado das Travesas.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado de Teis.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado do Berbés, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado do Berbés.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado de Bouzas, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado de Bouzas.
- A Asociación de Comerciantes do Progreso a “Asociación profesional de empresarios Autónomos do Mercado Municipal do Progreso de Vigo”, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1 000 ptas a concesión do mercado do Progreso; posteriormente modificado tras o acordo do Pleno do Concello de Vigo -exped 59/551)- en sesión do 29/12/2008 aprobando o cambio á xestión indirecta na modalidade de concerto e concesión de servizos, e adxudicación desta á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

Conforme aos contratos asinados con data 24.10.1994 coas citadas entidades, o prazo de concesión estableceuse en 25 anos, contados a partir do 21 de setembro de 1994, data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogable a solicitude da parte interesada e mediante acordo expreso corporativo; iniciando a prestación do servizo a partir do día 25.10.1994.

En data 18.06.2018 por Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos ordenouse a apertura do expediente de prórroga da concesión administrativa de xestión e prestación dos servizos dos mercados de Berbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis e requiriuse ás *asociacións de empresarios para que manifestasen o seu interese en continuar coa concesión mediante solicitude xunto coa memoria económica e de xestión; do inventario e das contas anuais do pasado exercicio; das reformas e melloras realizadas no período concesional; das necesidades de futuro do inmovible e da memoria quinquenal de actividades promocionais e de dinamización para o período 2019-2024.*

No expediente consta a memoria do servizo xestor xustificativo da necesidade e conveniencia da prórroga de data 07.05.2019 (trámite 209) e a solicitude de prórroga do contrato por parte da Asociación de Mercado das Travesas (10.07.2018), Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés (8.10.2018), Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario (30.04.2019), Asociación Profesional de Empresarios autónomos do Mercado de Bouzas (2.05.2019), Asociación Comerciantes de Teis (3.05.2019)



## Concello de Vigo

De conformidade coa cláusula IV.2 do PPAP as concesionarias achegan ao expediente (M. Berbés: núm. RE 180170948, 190026203; M. Bouzas: núm. RE 180104211, 180165729, 180142410, 180045621; M. Calvario: núm RE 180110292, 180110294, 190019549M; Teis: núm. RE 180140685; M. Travesas: núm RE 180109711, 1800162305, 180162967, 180017610) a documentación requirida relacionada coa prestación e explotación do servizo, entre ela a conta de resultados con saldo positivo, a excepción do mercado do Berbés cun leve saldo negativo nos exercicios 2016 e 2017, a enxugar e sanear pola entidade nun ou varios exercicios futuros cara ao necesario equilibrio patrimonial.

Igualmente achégase por parte das entidades xunto coa documentación citada anteriormente, informe conforme cumpren co establecido na cláusula II do PPAP, sobre as actividades non relacionadas coas alimenticias que se prestan, que non superan o 30% das que correspondan aos dos postos individuais adicados a produtos de alimentación e derivados (trámite 308 e informe da Asociación de Mercado de travesas de data fecha 6.10.2018).

A modo de resume indícase a seguinte lista de cotexo da documentación que se achega ao expediente verificada por este centro xestor:

DOCUMENTACIÓN ENTIDADE		BER-BÉS	BOU-ZAS	CALVARIO	TEIS	TRAVE-SAS
Estatutos		√	√	√	√	√
CIF		√	√	√	√	√
Rel.asociados e membros de orgs. goberno		√	√	√	√	√
Inventario peche e contas anuais		√	√	√	√	√
Memoria económica e de xestión	Conta pérdidas e ganancias	√	√	√	√	√
	Presuposto anual de gastos e ingresos	√	√	√	√	√
	Presuposto explotación e dinamización actividades	√	√	√	√	√
	Informe do persoal contratado	√	√	√	√	√
	Informe débedas con 3ºs > 5 anos	√	√	√	√	√
	Listado concesionarios e datas de alta e canon	√	√	√	√	√
	Informe superficie doutras actividades non alimentarias (máx. 30%)	√	√	√	√	√
Memoria quinquenal de actividades		√	√	√	√	√
Póliza de seguro de RC e último recibo		√	√	√	√	√

Así mesmo, as entidades están ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, AEAT e Seguridade Social conforme aos certificados positivos que se achegan ao expediente (trámites 289 a 293).

Achégase ao expediente informe técnico favorable da inspección realizada polos arquitectos municipais sobre o estado de conservación e mantemento do inmoble e instalacións de data 08/05/2019 na que se conclúe que están correctas logo da emendas das deficiencias nas instalacións dos mercados realizadas en febreiro, marzo e maio do presente ano (trámite 262).

Conforme ao previsto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, modificada pola lei 54/2003, RD. 393/2007 Norma básica de autoprotección de centros e Decreto 171/2010 sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, as devanditas entidades contan cos seus respectivos plans de autoprotección e plan de actuación en emerxencias dos cales consta copia no arquivo deste centro xestor.

Achégase ao expediente os informes das deficiencias detectadas na inspección sanitaria realizada con data 30/10/2018 e de data 05/07/2019 de emenda destas (trámite 286).

Informe municipal estado de conservación e mantemento do inmoble e instalacións	√	√	√	√	√
Informe municipal inspección sanitaria	√	√	√	√	√
Ao corrente do pago do canon anual	√	√	√	√	√
Ao corrente obrigas tributarias/certif. positivas	√	√	√	√	√

No que respecta ao estado de ocupación dos mercados, informar o seguinte:

	Superficie comercial			Superficie comerc. sen actividade		
	M <sup>2</sup>	n.º de postos ocupados	%	M <sup>2</sup>	n.º postos	%
<b>M. Berbés</b>	1.837,25 (*1)	21	26,00	1.359 (*2)	4 + plantas 2ª e 3ª lóbregas	74
<b>M. Bouzas</b>	367,00	4	100,00	-	-	-
<b>M. Calvario</b>	1.310,07	68	89,91	1.177,87	23	10,09
<b>M. Teis</b>	883,10	45	87,63	109,30	14	12,37
<b>M. Travesas</b>	2.012,76	36	98,29	10,35	1	1,71

\*1.- Inclúe a superficie da actividade “gastromercado” para a reforma de oito postos comerciais adicados a actividade de restauración, da cal consta solicitude de licenza de obra actualmente pendente de resolución, a nome do titular Xestión de Mercados Retallistas SL, ao amparo da cláusula II do PPAP (Expte. 97511/421).

\* 2.- Inclúe a superficie da planta 2ª (1.051,28 m2) e planta 3ª (local A de 159 m2 e local B de 109,25 m2), actualmente pendente do acondicionamento tras a execución da primeira fase de obra executada polo Concello.

A vista da documentación citada anteriormente dos devanditos mercados que se achega ao expediente, considérase que a concesión da xestión e explotación destes desenvólvese conforme as condicións do contrato.



## Concello de Vigo

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- En canto ao réxime xurídico aplicable á prórroga do contrato haberá que estar ao disposto no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato e a normativa aplicable na data de adxudicación do contrato que, ao ter lugar en data 31.08.1994, está constituída pola Lei de contratos do Estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril modificada pola Lei 5/1973, de contratos do Estado e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 3410/1975 e disposicións locais vixentes en dita data, a saber, o Regulamento de contratación das corporacións locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953, o Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e o Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por decreto de 27 de maio de 1952.

SEGUNDO.- O mercado/praza de abastos constitúe un ben de servizo público conforme ao disposto no artigo 4 do RBCL e artigo 74 do TRRL. En canto ao réxime competencial, o artigo 25 da LRBRL, na redacción conferida pola LRSAL, dispón que o municipio exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, e, entre outras, en materia de abastos, mercado. Así mesmo, o artigo 1 do RS determina que o Concello intervirá, entre outros, en materia de subsistencias, ademais, para asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade, a calidade dos ofrecidos en venda, a fidelidade no despacho dos que se expidan a peso ou medida, a normalidade dos prezos e a libre competencia entre os subministradores e vendedores.

O artigo 85 da LRBRL indica que constitúen servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias e conforme o seu parágrafo segundo haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente, ben de forma directa ou xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (actualmente a LCSP).

Segundo o obxecto e as prestacións determinados no prego de condicións que rexe o contrato e artigos 62 e 66.1ª no artigo 62 LCE, vixente no momento da adxudicación o contrato obxecto de prórroga constitúe un contrato de xestión de servizos na modalidade de concesión polo cal o empresario xestionará o servizo ao seu risco e ventura, e que actualmente corresponde co contrato de concesión de servizo (artigo 15 da LCSP), en virtude do cal o poder adxudicador encomenda a título oneroso a unha ou a varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

TERCERO- A prórroga dos contratos non constitúe nova relación xurídica contractual nin unha nova adxudicación, senón unha ampliación da duración de xeito que o contrato se prolonga durante un tempo determinado despois da súa finalización.

O artigo 199 do RCE, vixente no momento da adxudicación do contrato e respecto a duración dos contratos de xestión de servizos públicos, dispoñía: “Os servizos non poderán ser contratados en réxime de monopolio, salvo que unha lei o autorice expresamente. A xestión non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poida ser obxecto, sen que en ningún caso poida exceder o

*prazo total, incluídas as prórrogas, de noventa e nove anos.>> E o Regulamento de servizos determina no seu artigo 115 que en toda concesión de servizos fixaranse as cláusulas conforme as cales se outorgase, que serán as que se xulguen convenientes e, como mínimo, e entre outras, o prazo da concesión segundo as características do servizos e as inversións que houber de realizar o concesionario sen que poida exceder de cincuenta anos.*

A prórroga dos contratos de xestión de servizos públicos require da súa expresa previsión no prego de cláusulas que opera como lei do contrato e vincula a ambas partes contratantes. A estes efectos a cláusulas III do prego de cláusulas aprobado en data 30.11.1993 fixa o prazo de duración da concesión en vinte e cinco anos computados dende a data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogables automaticamente por períodos de cinco anos, ata un máximo de cinco períodos; agás que se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oito meses á data do respectivo vencemento. Concretamente os contratos de concesión administrativa de xestión e explotación do mercado na súa cláusula terceira determina << *El plazo de la concesión se establece en veinticinco años, contados a partir del 21 de septiembre de 1994, fecha de notificación del acuerdo de adjudicación.*>>

O prego de condicións que rexe o contrato establece as prórrogas automáticas do contrato. Neste punto cómpre sinalar que o artigo 199 do RCE non recolle a necesidade de que as prórrogas sexa expresas, sendo suficiente que estean previstas. Non obstante as sucesivas normas sobre a contratación pública veñen esixindo que as prórrogas dos contratos sexan de carácter expreso, quedando prohibidas as prórrogas tácitas ou a chamada “tácita recondución” e neste senso a cláusula terceira dos contratos formalizados entre o Concello e os adxudicatarios dispón que o prazo << *... podrá ser prorrogado a solicitud de la parte interesada y mediante acuerdo expreso corporativo.* >>

No expediente constan as solicitudes de prórroga por parte dos concesionarios titulares dos contratos de xestión e prestación dos servizos dos mercados de Barbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis. Así mesmo, segundo a documentación achegada polos concesionarios a prestación do servizo de axusta ao disposto no prego de cláusulas administrativas.

**CUARTO.-** A prórroga está suxeita aos seguintes requisitos:

a) Que a prórroga estea prevista nos pregos de condicións administrativas en tanto que constitúe a lei do contrato e vincula a ambas partes contratantes de xeito que a concorrencia para a súa adxudicación se realizase en atención á duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.

b) Que o contrato que se pretende prorrogar se atope vixente, posto que extinguido o obrigacional por vencemento do termo, xurídicamente non ten cabida acordo de prórroga ningún.

c) Que non se superen os límites legais de duración do contrato

d) A posibilidade de prórroga dun contrato público implica a prolongación da vixencia deste e require que a súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración





## Concello de Vigo

e que a concorrência para a súa adxudicación se realizase en atención a duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.

e) A prórroga non require de formalización de documento administrativo perfeccionándose mediante acordo do órgano competente.

E por esto que, á vista do expediente e informe xurídico que consta no expediente, conclúese que a proposta de prórroga axústase ao disposto no prego de cláusulas, contrato e lexislación contractual vixente no momento da adxudicación do contrato debendo durante o prazo da prórroga permanecer inalterables as características esenciais do contrato.

**QUINTO.-** Respecto ao órgano competente para a adopción do acordo cabe sinalar, que se ben o prego determina que como órgano de contratación o Pleno, tras a entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local que modificou a LRBRL introducindo un novo título X relativo ao réxime orgánico específico para os municipios de gran poboación, a competencia en materia de contratación atribuíuse á Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f) da LRBRL. No obstante, actualmente, tras a derogación pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público do artigo 127, apartado 1, la letra f) a competencia en materia de contratación nas entidades locais ven regulado na lexislación básica en materia de contratación que actualmente corresponde a LCSP que na DA 2ª. 11 da LCSP determina que a competencia en materia de contratación nos municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local calquera que sexa o importe do contrato ou a duración deste.

**RESULTANDO**, que, por todo o anteriormente exposto, e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe da Intervención Xeral, o concelleiro delegado que suscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobado a prórroga dos contratos de xestión e explotación do servizo público dos seguintes mercados municipais, outorgado en réxime de concesión administrativa ás seguintes entidades de comerciantes, polo período de cinco anos, contados a partir do día 21/09/2019, rematando en consecuencia o 20/09/2024.

\*Á Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario, CIF.-G36731578, a concesión do mercado do Calvario.

\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Travesas, CIF.- G36712701, a concesión do mercado de Travesas.

\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, CIF.-G36732295, a concesión do mercado de Teis .

\* Á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal de Bouzas, CIF.-G36767150, a concesión do mercado de Bouzas.

\* Á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés CIF.-G36708311, a concesión do mercado do Berbés, sen prexuízo do que resulte da licenza de obra de acondicionamento dos postos adicados a “gastromercado” en trámite (expte 97511/421).

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ás devanditas entidades.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(795).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADOR DOS TRIBUNAIS DO CONCELLO DE VIGO NO PARTIDO XUDICIAL DE MADRID E PERANTE ÓRGANOS XURISDICIONAIS E ESPECIAIS CON SEDE NESA CIDADE. EXPTE. 11999/111.**

Visto o informe de fiscalización de data 2/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 6/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdiccionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdiccionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	María del Mar Villa, S.L.	74 puntos
2	Miguel Torres Álvarez	50 puntos



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MARÍA DEL MAR VILLA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC. Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G das FEC (*"certificación ou documento acreditativo semellante do Colexio Oficial de Procuradores no que conste que está inscrito como colexiado exercente"*).
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, María del Mar Villa, S.L. , o día 17 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar María del Mar Villa, S.L. , como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por María del Mar Villa, S.L.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a María del Mar Villa, S.L. , aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) coas seguintes condicións:*

- *Propón un 12% de redución das contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes*
- *Comprometese a designar un procurador colexiado que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato:*
  - *Ana de la Corte Macías, Procuradora del ICPM, número 1205.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(796).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO “TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO E VELA 2019”. EXPTE. 18849/333.**

Visto o informe xurídico de data 9/09/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 09/09/19 asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- No exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



## Concello de Vigo

2.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo. A celebración do Trofeo Concello de Vigo de piragüismo e vela, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do piragüismo e vela no ámbito autonómico, cunha enorme repercusión, deste Trofeo forman parte o Campionato Galego de kayak pista (21 de Setembro), as Series de 420 Vaurient-laser (14-15 de setembro) e o Trofeo Vila de Bouzas de Cruceiros (22 de setembro), en todas as competicións un total de 1300 deportistas, con preto de 135 embarcacións, e asistencia de mais de 4.000 persoas de público, tendo en conta ademais que os deportes acuáticos constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, e convertería o Club Marítimo de Vigo como referente durante estas datas do deporte acuático na nosa cidade, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do destas modalidades.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afección a este deporte.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, atendendo ó establecido no art. 22.C da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

4.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

<b>Investimento</b>
–Torneo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela, coa participación de máis de 1300 participantes e 135 embarcacións, que disputarán as competicións o 14,15,21 e o 22 de setembro de 2019 en Vigo.

6.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

<b>Investimento</b>
<b>Torneo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela</b>
Obxecto da actuación:
Torneo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela, coa participación de máis de 1300 participantes e 135 embarcacións, que disputarán as competicións o

14,15,21 e o 22 de setembro de 2019 en Vigo
Alcance económico da actuación:
<b>10.000,00 €</b>

7.- En data 23.08.19 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

## **FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se



## Concello de Vigo

relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

### III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista no artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinalando o apartado segundo do mesmo o contido mínimo dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O *interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio*, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Torneo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela, coa participación de máis de 1300 participantes e 135 embarcacións, que disputarán as competicións o 14,15,21 e o 22 de setembro de 2019 en Vigo, cun orzamento previsto de 16.700,00 €.

### IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

## **V.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO E VELA 2019", transcrito no Anexo da presente.

**Segundo.-** Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva de piragüismo e vela a través da organización da Trofeo Concello de Vigo, e solicitar a súa subscrición.

**Terceiro.** Tras a firma do presente convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente a cumprimento dos terminos da adxudicación da subvención.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO E VELA 2019"

*En Vigo, de setembro de 2019*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Doutra, D. José Manuel Fernández, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleiro de deportes, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 26/06/2019.*

*E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.*





## Concello de Vigo

*As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

### **EXPOÑEN**

*I.- Que a promoción do deporte se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.*

*Asemade, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe aos municipios, entre outras competencias, o fomento e difusión do deporte, ou a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas. Pola súa parte, o artigo 7 do mesmo texto legal, atribúelle ás Deputacións provinciais, entre outras competencias, o fomento, promoción e difusión do deporte, ou a colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas.*

*II.- Que o Club Marítimo de Vigo, organizará o “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela 2019”. Dito campionato disputarase na Ría de Vigo, tendo como sede do evento o Real Club Náutico de Vigo. A organización deste evento supón o recoñecemento de Vigo como unha das cidades de referencia no deporte da vela e do piragüismo, como punto de confluencia de distintas probas e deportistas de recoñecido prestixio, e en xeral unha referencia na organización de proxectos deportivos de calidade.*

*III.- Que está previsto que ao devandito Trofeo asistan sobre 135 barcos e 1300 palitas da Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal. Por outra banda as competicións que forman o “Trofeo Concello de Vigo” forman parte de competicións de nivel oficial e puntuables para os distintos campionatos das súas respectivas categorías. Por todo o referido, a celebración deste evento ven reforzar á cidade de Vigo como referencia no deporte da vela e do piragüismo e punto de confluencia de numerosos regatistas e piraguistas. Asemade, a afluencia de visitantes de toda Galicia e Portugal, supón unha oportunidade para a promoción non só da Ría e da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra en xeral.*

*IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento e a promoción do deporte, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo as seguintes*

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento do "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019" que terá lugar os días 14, 15, 21 e 22 de setembro en Vigo. O evento terá lugar na Ría de Vigo e a súa sede na do Real Club Náutico de Vigo, correspondéndolle a súa organización ao Club Marítimo de Vigo.

### **SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

O importe ao que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento do citado "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019", que conta cun orzamento total de DEZASEIS MIL E SETECENTOS EUROS (16.700,00€).

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución deste proxecto deportivo a contía de DOUS MIL EUROS (2.000,00 euros).

O pagamento da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 19/942.9420.462.14 do orzamento provincial- Concellos-Convenios.

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de OITO MIL EUROS (8.000,00€) para a realización do "Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e Vela 2019". A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes.

O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 3410.489.00.01 do orzamento do Concello de Vigo.

As financiacións comprometidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

<b>INVESTIMENTO</b>	<b>EXERCICIO 2019</b>
Achega da Deputación de Pontevedra	2.000,00 €
Achega do Concello de Vigo	8.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>10.000,00 €</b>

No caso de que actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.



## Concello de Vigo

### **TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste convenio de colaboración.

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención ao "CLUB MARÍTIMO DE VIGO", CIF G27780535, para a celebración en Vigo, os días 14, 15, 21 e 22 de setembro, da edición do "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019".

3º.- A Administración municipal remitirá á provincial, a xustificación das actuacións necesarias para o desenvolvemento do devandito evento deportivo.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo ao "Club Marítimo de Vigo" á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Copia do acordo de aprobación por parte da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo ao "Club Marítimo de Vigo" para a celebración en Vigo, os días 14, 15, 21 e 22 de setembro, do "TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019";
- memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;

- *certificación de pagamento a favor do “Club Marítimo de Vigo”, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;*
- *acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;*
- *declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade.*
- *calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

#### **CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

*O Concello de Vigo obrígase a:*

- *Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.*
- *Redactar unha proposta de subvención do Concello de Vigo ao “Club Marítimo de Vigo” para a celebración en Vigo, os días 14, 15, 21 e 22 de setembro, da edición do “TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019”.*
- *Aprobar o texto da proposta de subvención ao “Club Marítimo de Vigo” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.*
- *Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

*Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

*A Deputación de Pontevedra obrígase a:*



## Concello de Vigo

- *Financiar a realización do evento deportivo, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.*
- *Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.*

### **SEXTA.- PUBLICIDADE**

*En toda a documentación e informacións relativas á celebración do “TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGUISMO E VELA 2019”, en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo. As accións a desenvolver dentro da actuación, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

### **SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.*

## **OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- *A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
  - *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
  - *Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
  - *Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
  - *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*

## **NOVENA.- VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.*

## **DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o*



## Concello de Vigo

*dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

*6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio.*

### **UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

### **6(797).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO, E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. EXPTE. 16632/77.**

Visto o informe de fiscalización do 5/09/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 5/08/19 asinado pola xefa do servizo de **Participación Cidadá e Desenvolvemento Local** por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I.- A Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, dependente da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais convocou, mediante a Orden PRA/37/2018, de 16 de xaneiro, publicada no BOE número 21 do 24 de xaneiro de 2018, axudas dirixidas a entidades locais no marco do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE).

O Concello de Vigo presentou a esta convocatoria de axudas o proxecto **Vigo Pola Inserción Laboral**. O proxecto ten como finalidade a realización de actividades formativas que

contribúan a reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas con máis dificultades de acceso ó emprego.

II.- Na resolución do 13 de decembro de 2018 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, publicada no BOE número 305 do 19 de decembro de 2018, o Concello de Vigo obtén unha axuda de 1.698.089,07€ que conta cun orzamento total de 2.122.611,34€.

Este programa establécese para o término municipal do Concello de Vigo e desenvolverá itinerarios formativos que inclúen a formación nos seguintes certificados de profesionalidade.

<b>CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE</b>				
<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Nº de edicións</b>	<b>Nivel</b>	<b>Alumnado total</b>
COMT0211	Actividades auxiliares de comercio	2	1	30
HOTR0308	Operacións básicas de catering	2	1	30
SS-CS02208	Atención sociosanitaria persoas dependentes en institucións sociais	1	2	14
COMV0108	Actividades de venta	4	2	60
COML0210	Organización e xestión de almacéns	3	3	45
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	5	1	75
COMT0112	Actividades de xestión do pequeno comercio	2	2	30
FMEC0210	Soldadura oxigás y soldadura MIG/MAG	2	2	30

A maiores no marco de eses itinerarios incluíranse outras actividades formativas que non conducen a ningún certificado de profesionalidade así como outras actuacións como a tutorización e a orientación.

III. En data 02/08/2019, o Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación do convenio.

V.- A tal efecto, consta no expediente “MEMORIA XUSTIFICATIVA”, asinada pola técnica de administración xeral (por atribución do desempeño temporal das funcións inherentes á xefatura de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/19), co conforme do Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e borrador de convenio, asinados en data 02/08/2019.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Lexislación aplicable:**

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)





## Concello de Vigo

- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

### II.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións na procura da optimización do uso dos recursos públicos, para recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida no proxecto Vigo Pola Inserción Laboral asociada ós certificados de profesionalidade, e para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acadar a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de profesionalidade, que en todo caso serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

### III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O convenio non inclúe compromisos de carácter económico.

No texto do convenio explíctase o título da competencia municipal. A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo

co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Entre as competencias que en materia laboral lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993 de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Pola súa banda, en materia de réxime local, os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

### **III. Convenio:**

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

### **- Contido e tramitación:**



## Concello de Vigo

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de nove cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do convenio e os compromisos asumidos polas partes para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións na procura da optimización do uso dos recursos públicos, para recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida no proxecto Vigo Pola Inserción Laboral asociada ós certificados de profesionalidade, e para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acadar a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de profesionalidade, que en todo caso serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia. O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, natureza do convenio, obriga de inscrición no Rexistro de convenios, cláusula de confidencialidade e de protección de datos persoais, causas de extinción, entrada en vigor e vixencia (cláusulas cuarta a novena).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

### **-Procedemento e competencia:**

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello, se ben non está sometido a fiscalización previa á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por non incluír compromisos económicos.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en virtude das competencias delegadas mediante Decreto da Alcaldía do 18/06/2019.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin

á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra “b” da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO*, transcrito no Anexo do presente.

**Segundo.-** Solicitar da *CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA* a aprobación e subscripción do convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Cuarto.-** Remitir o convenio unha vez asinado á Concellería de Xestión Municipal, aos efectos de publicidade.

Poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición contra o presente acordo ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPAR-*



## Concello de Vigo

### TIDA POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROXECTO "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Santiago de Compostela, agosto de 2019.

#### **COMPARECEN**

Por unha banda,

Don [ ] director xeral de Orientación e Promoción Económica, nomeado por Decreto [ ] en representación da Xunta de Galicia en virtude da Resolución [ ]

E pola outra,

Don Abel Losada Álvarez, con DNI na súa calidade de concelleiro delegado da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en virtude da Resolución de delegación de competencias da Alcaldía do 18 de xuño de 2019, na representación legal do Concello de Vigo.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio e:

#### **EXPOÑEN:**

##### **PRIMEIRO**

A Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, dependente da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais convocou, mediante a Orden PRA/37/2018, de 16 de xaneiro, publicada no BOE número 21 do 24 de xaneiro de 2018, axudas dirixidas a entidades locais no marco do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE).

O POEFE é un instrumento de programación e planificación de Fondos Estructurais e de Inversión Europeos, concretamente do Fondo Social Europeo, que busca a consecución de obxectivos no marco da Estratexia Europea 2020. E neste ámbito concreto coincide plenamente co Programa Nacional de Reformas que inclúe entre as súas medidas, impulsar a inclusión sociolaboral das persoas máis vulnerables.

Estas axudas correspóndense co Eixo 2 do Obxectivo temático 9 do Programa que está destinado a "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación". Como obxectivo específico pretenden mellorar a inserción sociolaboral das persoas en situación de vulnerabilidade, a través de medidas de activación de itinerarios integrados e personalizados de inserción.

O Concello de Vigo presentou a esta convocatoria de axudas o proxecto **Vigo Pola Inserción Laboral**. O proxecto ten como finalidade a realización de actividades formativas que contribúan a reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas con máis dificultades de acceso ó emprego.

Na resolución do 13 de decembro de 2018 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, publicada no BOE número 305 do 19 de decembro de 2018, o Concello de Vigo obtén unha axuda de 1.698.089,07€ que conta cun orzamento total de 2.122.611,34€

Este programa establécese para o término municipal do Concello de Vigo e desenvolverá itinerarios formativos que inclúen a formación nos seguintes certificados de profesionalidade.

<b>CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE</b>				
<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Nº de edicións</b>	<b>Nivel</b>	<b>Alumnado total</b>
COMT0211	Actividades auxiliares de comercio	2	1	30
HOTR0308	Operacións básicas de catering	2	1	30
SS-CS02208	Atención sociosanitaria persoas dependentes en institucións sociais	1	2	14
COMV0108	Actividades de venta	4	2	60
COML0210	Organización e xestión de almacéns	3	3	45
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	5	1	75
COMT0112	Actividades de xestión do pequeno comercio	2	2	30
FMEC0210	Soldadura oxigás y soldadura MIG/MAG	2	2	30

A maiores no marco de eses itinerarios incluíranse outras actividades formativas que **non** conducen a ningún certificado de profesionalidade así como outras actuacións como a titulación e a orientación.

Na implementación práctica dos itinerarios observarase, en todo caso, os requirimentos substanciais recollidos nos certificados de profesionalidade correspondentes

## SEGUNDO

Entre as competencias que en materia laboral lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993 de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.



## Concello de Vigo

*Co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.*

### TERCEIRO

*Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos, contribuíndo a concretar algunha das actuacións propostas na Comunicación da Comisión ó Consello Europeo de 26 de novembro de 2008 denominada "Un plan europeo de recuperación económica" [COM(2008) 800 final].*

*Por todo o anterior, e na procura da optimización do uso dos recursos públicos, en concreto, do financiamento proporcionado polo Fondo Social Europeo e pola Administración Local, ambas partes consideran de interese a sinatura deste convenio, cos compromisos que a continuación se relacionan.*

### **ACORDAN:**

*Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que a formación establecida no punto primeiro deste convenio, impartida dentro do proxecto **Vigo Pola Inserción Laboral**, leve consigo a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de profesionalidade, que en todo caso serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.*

### **CLÁUSULAS:**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

*O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida no proxecto Vigo Pola Inserción Laboral asociada ós certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.*

*O obxecto da formación a desenvolver é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder en mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

*A formación impartida realizarase de forma presencial e desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos.*

*Os medios materiais didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes en cada caso.*

#### **SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

*O Concello de Vigo obrígase mediante este convenio a desenvolver a formación referente ós Certificados de Profesionalidade referidos no párrafo PRIMEIRO deste convenio, cumprindo os requisitos esixidos na normativa referida. Nomeadamente comprométese a:*

*1. Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o centro de traballo onde se realizarán as prácticas, o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprenda a acción formativa a impartir, a duración e os equipamentos necesarios, a relación dos docentes cos respectivos curriculums. Ó finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.*

*Para isto o Concello de Vigo comprométese especificamente a garantir que as empresas que desenvolvan a formación referente ós certificados de profesionalidade mencionados formen parte do Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia e que empregarán a aplicación SIFO (na que rexistrarán o calendario de realización dos cursos, as actas de selección dos candidatos como alumnos dun curso, a relación de alumnos e profesores coa súa asistencia por curso e día, as prácticas non laborais e, de ser o caso, os contratos), para facilitar a labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial de Pontevedra, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

*2. Seleccionar ó alumnado a través da oferta de formación do Servizo Público de Emprego de Galicia. Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos polo certificado correspondente e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego.*

*3. Verificar, con anterioridade ó inicio da acción formativa, que o alumnado reúne os requisitos esixidos para acceder á formación de nivel 1, 2 e 3, segundo a normativa de referencia, e que a especialidade formativa segue de alta no ficheiro de especialidades formativas do SEPE.*

*4. Impartir a formación en locais acreditados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición das especialidades formativas referidas neste convenio. Tal e como xa se citou, o Concello de Vigo garantizará que as accións formativas serán contratadas a empresas que pertencan ó Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia que estean homologadas para impartir cada un dos certificados*





## Concello de Vigo

*de profesionalidade e que empreguen a aplicación SIFO para comunicar toda a información, os datos e a documentación esixida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

*5. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.*

*6. Verificar que as empresas de formación contratadas imparten os módulos de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e que comunicarán á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, os convenios de colaboración cos ditos centros, así como toda a documentación relativa ós mesmos como as polizas de seguros contratadas.*

*7. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre a formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos reais decretos e que será comunicado polas empresas de formación contratadas mediante o SIFO.*

*8. Avaliar ó alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade.*

*9. Asesorar na tramitación da solicitude dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a rematen con avaliación positiva. En ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá a responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade.*

*10. Desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos procedentes do proxecto do Fondo Social Europeo aprobado, sen que en ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.*

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*A Consellería de Economía, Emprego e Industria obrígase a expedir os correspondentes certificados ou, no seu caso, as unidades de competencias a quen o solicite e demostre ter superado todos os módulos do devandito certificado ou unidade de competencia, a través da formación impartida por esta institución correspondente ós itinerarios de formación recollidos no punto PRIMEIRO deste escrito, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.*

*En ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade ou se a formación fora*

*impartida sen cumprir os requisitos propios do certificado nin ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.*

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Constitúese unha comisión de seguimento deste convenio, formada polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria ou persoa en quen delegue, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral designada polo anterior, o concelleiro de Emprego, Cultura e Participación Cidadá do Concello de Vigo, Abel Losada Álvarez ou persoa en quen delegue e calquera outra persoa técnica que as partes consideren oportuno incluír de mutuo acordo. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:*

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.*
- Vixilancia e seguimento do cumprimento do convenio*
- Aqueloutras que para o efecto se lle encomenden.*

*As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

*Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

#### **QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO**

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, de 1 de outubro, o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro e a Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e as lagoas que podan presentarse, de acordo co seu artigo 4.*

#### **SEXTA. REXISTRO**

*Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así coma no Rexistro Municipal de Convenios do Concello de Vigo.*

*Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigo 4 e seguintes da Lei 3/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e os artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.*

#### **SÉTIMA. EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO**



## Concello de Vigo

*Serán causas de extinción ou resolución do presente convenio:*

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.*
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.*
- c) O mutuo acordo.*

*En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.*

### **OITAVA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*As partes comprométese a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.*

*Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio.*

*Neste sentido as partes coprométese a cumprir adecuadamente e, en todo momento as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, respecto do tratamento dos datos persoais facilitados, cuxo prazo de conservación será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.*

*Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

*As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderáse obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).*

### **NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO**

*A vixencia do convenio será desde a sinatura ata que finalice o periodo de execución do proxecto, prórrogas incluídas (31 de decembro de 2021) sempre que non medie denuncia de algunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa maior.*

*De xeito anual as partes asinarán as correspondentes addendas de actualización das actividades formativas, que non suporán necesariamente, salvo que o recollan expresamente, denuncia o modificación deste convenio.*

*De conformidade, asinan este convenio por cuadruplicado no lugar e data sinalados no encabezamento,*

**7(798).- DAR CONTA DA “RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019”. EXPTE. 9132/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 6/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación Española Contra el Cáncer, CIF: G28197564, expediente 9132-224, foille concedida unha axuda por importe de 952,90 € para a realización do proxecto “Curso de Auxiliar de Xeriatría”.

Con data 4 de setembro de 2019, a entidade Asociación Española Contra el Cáncer, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190136245).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración que a concedeu, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación Española Contra el Cáncer, CIF: G28197564, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **8(799).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS”-2019. EXPTE. 2855/330.**

Visto o informe xurídico de data 9/08/19 e o informe de fiscalización do 5/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 2/08/19 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 30 de xullo pasado, a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) presenta na sede electrónica municipal solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 31 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2019, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 195.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

A citada entidade aglutina un total de 39 masas corais polifónicas que pertencen a distintas entidades veciñais e/ou culturais da cidade de Vigo, e que leva desenvolvendo conxuntamente co Concello de Vigo, dende o ano 2003, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade, a través do programa “Vigo, un mar de corais”.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 39 masas corais con un total de 206 (duascentas seis) actuacións.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

#### ORZAMENTO.-

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 195.000 (cento noventa e cinco mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao *Vigo, un mar de corais* durante o exercicio 2019, proposto polo Concello de Vigo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), para a organización e realización do programa "*Vigo, un mar de corais*" durante o exercicio 2019, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-



## Concello de Vigo

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), para a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2019, figurando na aplicación **3340.480.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 195.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadán e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF. G-36980928, para o financiamento da organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2019, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaría 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.***

***SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2019.”***

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), RELATIVO Á ACHEGA DO*

CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VIGO, UN MAR DE CORAIS"  
DURANTE O EXERCICIO 2019

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 1110-10, con enderezo social na rúa Ecuador, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

**II.-** Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, en concreto no programa "Vigo, un mar de corais", como medio que é de promover a música na cidade.

**III.-** Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 195.000 euros.

**IV.-** Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.





## Concello de Vigo

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa “Vigo, un mar de corais”, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

#### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.*

#### **TERCEIRA.- DATAS, LUGARES E CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS**

##### PROGRAMA “Vigo, un mar de corais”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.*
- En total son 39 masas corais con un total de 206 (duascentas seis) actuacións.*
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.*

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da entidade.*
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*

- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (195.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello e o salón de actos do Verbum, según a súa dispoñibilidade e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto ao comezo dos ciclos de programación de actuacións.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.



## Concello de Vigo

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data.

b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas e pendentes. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de novembro de 2019.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
  - o *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  - o *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  - o *Memoria de prensa.*
  - o *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  - o *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

### Gastos subvencionables:

*Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.*

*En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.*

*Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.*

*Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA. - LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

#### **ORZAMENTO DO PROGRAMA "VIGO, UN MAR DE CORAIS 2019"**

##### **1.- GASTOS:**

206 actuacións de 39 masas corais	137.100 €
Aluguer do Auditorio "Mar de Vigo"	24.200 €
Desprazamentos	17.000 €
Material de difusión	4.510 €
Publicidade en medios	7.900 €
Agasallos	4.290 €

**TOTAL GASTOS** **195.000 €**

##### **2.- INGRESOS:**

Subvención Concello de Vigo	195.000 €
-----------------------------	-----------

**TOTAL INGRESOS** **195.000 €**





**Concello de Vigo**

**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
MASAS CORAIS  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE CORAIS 2019”**

D/Dna.....  
 .....  
 en representación da entidade .....  
 .....  
 CIF ....., con domicilio social en  
 .....d  
 e VIGO, teléfono/s de contacto.....  
 correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a coral..... realizou o concerto programado por ACOPOVI, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... de 2019, en.....  
 .....  
 2. Que a coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.  
 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
 .....

VIGO, ..... de ..... de 2019

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

**9(800).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez